



RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 260/2025

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións Solicitadas a Outra Administración

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

De acordo co previsto nas Bases aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 2025-1664, de data 12/09/2025, para a selección e posterior contratación de 4 traballadoras en réxime laboral temporal a tempo completo como Conserxes, para o Programa de contratación temporal para o fomento do emprego de mulleres que desenvolve o Concello de Cangas ao abeiro da subvención outorgada pola Xunta de Galicia por resolución de data 06/03/2025, núm. expediente SI461A 2025-19,

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar e publicar no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello a composición efectiva do Tribunal a efectos da formulación de recusación contra dos membros da comisión de selección, que será a seguinte:

Presidente: Fabián Fernández Gómez

Secretaria: Rosana Cordeiro Antepazo

Vocal 1ª: Marisol Fernández Soage

Vocal 2ª: María Jesús Fernández Pousada

Vocal 3ª: Carmen Fandiño Docío

Suplente indistinta: Paula Tenorio González

Suplente indistinta: Araceli Carracelas Graña

Suplente indistinto: Luís Martínez Domínguez

SEGUNDO: Aprobar e publicar igualmente a listaxe de persoas admitidas ao proceso selectivo indicando que non contando con exclusións ten o carácter definitivo e que é a seguinte:

PERSOAS ADMITIDAS (REF. EXPTE.)
2025-E-RC-9251





2025-E-RC-9252
2025-E-RC-9253
2025-E-RC-9256
2025-E-RC-9257
2025-E-RC-9258
2025-E-RC-9259
2025-E-RC-9260
2025-E-RC-9261
2025-E-RC-9262

TERCEIRO: De acordo co disposto nas Bases, aprobar a convocatoria para os chamamentos das probas que segundo o disposto polo tribunal de selección desenvolverase na data, horario e lugar que se indica de seguido:

VENRES 26/09/2025, ÁS 11:00 HORAS, NO SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

O chamamento no lugar, día e hora indicada será único quedando excluída quen non compareza de acordo co disposto nas bases. Deberán presentar o seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir cando así llo requira algún dos membros do Tribunal.

Estarán exentas da realización da proba de Lingua Galega as aspirantes que acrediten ao Tribunal, antes da realización da proba, que están en posesión do certificado de Lingua Galega – nivel 1 (CELGA 1) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega oral ou superior, ou a súa validación, recibindo neste caso 2 puntos.

CUARTO: Publicar a composición do tribunal, a listaxe definitiva de persoas admitidas e a fixación das probas de acordo co disposto nas Bases.”

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:

- a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou, a súa elección, o que corresponda ao seu domicilio se este radica en Galicia, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.





Concello de Cangas

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 5KGKFWEM4XRLCS5SJKETRP2HJ
Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

